

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE XUÑO DO 2013.

=====

No Concello de Cangas, cando son as catorce horas e quince minutos do día vinte e cinco de xuño do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as, D^a Berta Pérez Hernández, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 17 DE XUÑO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 17 de xuño do 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 20 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.596 e 1.657.- A Jesús Portas MenduÍña, con enderezo en Pinténs 92 - O Hío, para en As Uchas - Vilanova -O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír 4 apartamentos turísticos de dúas chaves, de 222,00 m², de conformidade co proxecto básico de abril de 2.013, a que antes do comenzo das onbras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Non se poderá comenzo a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correpondente comprobación Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

2.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.565.- A Maria del Carmen Moreira Pereira, con enderezo en Gandara 73 - Moaña, facilítaselle a seguinte información urbanística para terreo sito en A Garita Rodeira - Cangas (polígono 40, parcela 626):

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994.

A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rústico e solo de núcleo.

Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas, solo non urbanizable común e ordenanza de aplicación SNUA.

A edificación existente cumpre coas determinacións urbanísticas establecidas para o respecto pola ordenanza de conservación do aproveitamento, poderase ampliar a edificación existente ata agotar a edificabilidade aplicable o ameto da ordenanza SNUA, respectando en calquera caso os retranqueos a lindeiros".

EXPEDIENTE S/Nº.-A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, AUGAS DE GALICIA, con enderezo en San Salvador 2 - 4º planta - Vigo, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por José García Gutierrez, Ref. Expte. DH.W36.40872, para construción de cerco en rúa David Cal -O Hio:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo urbano. Cualificación urbanística do solo.- sistema viario.

Deberá solicitar o cerco como instalación provisional desmontable, on renuncia expresa ó incremento do valor para os efectos de expropiación.

Deberá obter informe favorable da Deputación e Augas de Galicia.

O cerco solicitado deberá situarse a 6,30 metros do eixo da estrada da Deputación".

2.A.3) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 19.269.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MANUEL RICARDO FERNANDEZ IBAÑEZ.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 14 de xuño de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Manuel Ricardo Fernández Ibañez, con enderezo na Praza Fernández del Riego 3 - 9º D - Vigo, para vivenda, sita en Santa Marta - Darbo, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 18.915.

EXPEDIENTE Nº 21.517.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR RAUL CURRAS COSTAS E MARTA PALMEIRO BARREIRO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 14 de xuño do 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Raúl Curras Costas e Marta Palmeiro Barreiro, con enderezo en Parada 23 - Coiro, para vivenda, sita en Parada - Coiro, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 20.993.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.397.- A Antonia Cordeiro Martínez, con enderezo en Rosalia de Castro 41 A esq. - Vigo, para en Praza do Bispo Cerviño 14 - Aldán, executar reformas interiores consistentes en 36,75 m² de colocación de plaqueta, 127,00 m² de limpeza e encintado de muros de pedra e substitución de 2 sanitarios en baño, de conformidade coa documentación presentada e autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 7 de xuño do 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.421 e 1.617.- A FONPORT S.L., con enderezo en Venezuela 47-49 - Vigo, para en Eugenio Sequeiros 1 - Cangas, executar reformas exteriores e interiores en 58,83 m² de planta, de conformidade co proxecto de novembro de 2.012 e reformado de maio de 2013. Acórdase-igualmente o cambio de uso para óptica.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Non se poderá comenzar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.453.- O recurso potestativo de reposición interposto por Silverio Rodal Soliño, con enderezo en Ramal Paraiso 17 - Darbo, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril do 2.013, foi estimado e polo tanto concedeselle licenza municipal para construción de tres tramos de cerco de 13,87 metros en total, de conformidade coa documentación presentada.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.556 auséntase do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.556.- A Antolin Ferral Diaz, con enderezo en Pedreira 63 - Coiro, para no referido lugar, cambiar a tella da cuberta en 150,00 m², de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.557 auséntase do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.557.- A José Manuel Fernández Rodríguez, con enderezo en Regado 11 - Coiro, para no referido lugar, modificar o portal existente e suplementar 4,40 metros de cerco lateral, de conformidade coa documentación presentada. Deberá solicitar previamente a tira de cordas e a zona de cesión deberase explanar na rasante do camiño público.

EXPEDIENTE Nº 24.567.- A Manuel Pardavila Portas, con enderezo en Estrada a Vilanova 20 - Pinténs - O Hío, para no referido lugar, construír unha piscina de 34,45 m², de conformidade co proxecto de abril de 2.013 e condicións impostas pola Deputación Provincial segundo escrito de data 15 de maio de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.574.- A Mercedes González Garcia, con enderezo en Carlos Casares 11 - Coiro, para no referido lugar, construír unha piscina descuberta de 32,00 m², de conformidade co proxecto de abril do 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.584.- A Josefa Herbello Alfaya, con enderezo en Piñeiro 39 a - Aldán, para no referido lugar, reparar a fachada en 62,23 m², de conformidade coa documentación presentada e autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 24 de maio do 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.593.- A José Antonio Pórtela Molanes, con enderezo en Rapadouro 5 - Coiro, para no referido lugar, proceder a limpeza de canalóns en 12 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.602.- A José Manuel Paz Pérez, con enderezo en Verín 4 B - Coiro, para no referido lugar, construír un cerco frontal da parcela de 21,85 metros, de conformidade coa documentación presentada, debendo situarse, como mínimo, a 4,00 metros do eixo do camiño, a que se levante dende a rasante do camiño e a que enrase co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

Este cerco ten unha ubicación distinta a que tivo por obxecto o expediente de restauración da legalidade urbanística 45/2012.

EXPEDIENTE Nº 24.610.- A Francisco Miguel Sánchez Toquero, con enderezo en Antonio Nores 28 - baixo, para en Baixada a Francón - Aldán, reformar o. cerco en 37,08 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.616.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PRINCIPADO DE ASTURIAS, con enderezo en Avda. de Galicia 44 - Cangas, para no referido lugar, reparar a terraza en 12,00 m², de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N2 24.302.- O tramitado a instancia de José Pena Vázquez, con enderezo en Avda. Xosé María Castroviejo 1ª Trav. 21 - Coiro, para cambio de material de cubrición en Gondarán - Coiro, acórdase decláralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcurrir máis de tres meses dende o requirimento de presentación de documentación de data 5 de novembro do 2012.

EXPEDIENTE N° 24.525.- O tramitado a instancia de José Salvador Amorin Vázquez, con enderezo en Ruiseñor 13 - 5º E - Vigo, para construción de galpón en Erbello - Aldán, denégase porque a parcela soporte da edificación solicitada non cumpre coa parcela mínima esixida polo art. 44 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 24.598.- O tramitado a instancia de José Antonio Fernández Pérez, con enderezo en Magdalena 30 baixo - Darbo, para apertura de oco en escaparate da Praza de Abastos, denégase porque a atención a clientes nese lateral do posto implica bloquear o acceso ó interior do mercado ó público, xa que se pretende abrir diante da porta do edificio.

EXPEDIENTE N° 24.615.- O tramitado a instancia de Angélica Fernandez Rodríguez, con enderezo en Souto de Abaixo 14 - Darbo, para soleira de formigón no referido lugar, denégase por se emprazar sobre o sistema viario proxectado polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE N° 1.461.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR MARIA JOSEFA MONTEMUIÑO DOCAMPO.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a venda e substitución de rodas de coches, en Avda. da Coruña 53 Cangas, peticiónada por Maria Josefa Montemuiño Docampo, con enderezo no referidio lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo Técnico Municipal de data 3 de xuño de 2013.

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras, aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE N° 1.482.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR MARIA VICTORIA AVILES NORES.-

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a comercio de venda de electrodomésticos, en Noria 6 - Cangas, peticiónada por Maria Victoria Aviles Nores, con enderezo en Longán 36 - 4º C- Coiro, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo Arquitecto Municipal, de data 12 de xuño do 2013.

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

revogación no caso de que non fose posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.561.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POLA IGLESIA EVANGELICA REVIVE.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a IGREXA-USOS MULTIPLES, en Avda. de Bueu edificio Mar de Pedra - Darbo, peticiónada por Iglesia Evangélica Revive, con enderezo en Miguel Enriquez 1 - Moaña, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo Técnico Municipal de data 12 de xuño do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.621.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR CARLOS BERNÁRDEZ CABANELAS.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a comercio para acesorios de motos e mecánica rápida, en Benigno Soage 29 - Cangas, peticiónada por Carlos Bernárdez Cabanelas, con enderezo no referdío lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, de data 7 de xuño do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.656.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR VICENTE MENDEZ CASTELOS.- A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento sito en Fomento 5 - baixo esq. - Cangas, adicado a oficina de seguros, que ata a data rexentaba VERO JUNCAL MONTAJES S.L. e

que a partir desta data pasa a Vicente Mendez Castelos, con enderezo en Gruncheiras 30 Coiro.

EXPEDIENTE Nº 1.664.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONADA POR ASOCIACION EDUCATIVA DALILA. - A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento sito en Lisboa 1 - Cangas, adicado a escola infantil, que ata a data rexentaba Silvia Barreiro Mariño, e que a partir desta data pasa a ASOCIACION EDUCATIVA DAVILA, con enderezo en Tiro Naval Janer 21 - 2º - Marin.

3º.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN Nº 2 E FACTURA DA OBRA DE REORDENACIÓN DA REDE DE MEDIA TENSIÓN DO CONCELLO DE CANGAS, RECUADO LAT 66 KV LOURIZÁN-CANGAS E LAT 66 KV PONTESANPAIO-CANGAS.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 2 E FACTURA DA OBRA DE REORDENACIÓN DA REDE DE MEDIA TENSIÓN DO CONCELLO DE CANGAS RETRANQUEO LAT 66KV LOURIZAN-CANGAS E LAT 66 KV PONTESANP AIO-C ANGAS

Visto o expediente de contratación do proxecto de obra denominado "Traslado subestación e adecuación de liñas eléctricas" e en concreto a certificación nº 2, e a correspondente factura nº 9113777225 con Rexistro de Entrada de data do 19/04/2013.

Lido o informe de Intervención con referencia do 14/05/2013 de 3 páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, consideracións e conclusión na que fai constar:

Con respecto á tramitación anterior remítome ó informado na certificación nº 1.

A certificación e a relación valorada axústanse ó establecido no orzamento de expediente que non está dilixenciado polo que esta Intervención non lie consta a autenticidade do proxecto e anteprojectos co que se está fiscalizando a presente certificación. No apartado da financiación da certificación recolle Xunta (FEDER) 20% (80%), en realidade estas actuacións finánciase nun 80% FONDOS FEDER e 20% FONDOS FCI, este erro deberá correxirse. Advirtiese que a recepción da obra debe ser comunicada á Intervención Municipal a efectos de proceder á comprobación material da inversión. En conclusión fiscalízase de disconformidade a certificación nº 2 correspondente á obra "Traslado subestación e adecuación de liñas eléctricas" polo importe de 231.100,43 euros e fórmulase Reparo con efectos suspensión polas observacións sinaladas no informe, correspondendo o Alcalde resolver as discrepancias formuladas pola Intervención.

Tendo en conta que por Resolución de data do 16 de xuño de 2011 esta Alcaldía-Presidencia delegou esta competencia na Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o principio de seguridade xurídica que se recolle no noso ordenamento xurídico e o principio de boa fe que se recolle na Lei 30/92.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

Tendo en conta que a certificación foi asinada e polo tanto dando a súa conformidade por parte da directora da obra.

Tendo en conta que a realización da obra vai supor un beneficio para moitos veciños. Sabendo que a obra tamén vai incidir no fomento do estado de benestar.

Coñecendo que de non aprobar esta certificación, e ante unha eventual litixio xudicial, obrigaríase ó concello ó seu aboamento á empresa.

Sabendo que a día de hoxe o proxecto está redactado pendente de ser visado.

Coñecendo que a Constitución Española establece que a actuación dos poderes públicos debe perseguir o interese público.

Tendo en conta que a propia Constitución recolle no apartado segundo do artigo 31 que a execución dos gastos públicos responderán ós criterios de eficiencia e economía.

Considerando o disposto no artigo 217 do RDLex. 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis, RESOLVO:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Municipal de data do 14/05/2013 á certificación nº 2 das obras de "Traslado subestación e adecuación de liñas eléctricas", presentada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.

Segundo.- Considerando que se dan as causas que se recollen no artigo 14 da Lei 30/92, avocar de forma excepcional a competencia delegada na miña persoa para unicamente a aprobación desta certificación.

Terceiro.- Proceder á aprobación da certificación número 2 e factura nº 9113777225, presentada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. distribución con CIF: A63222533.

Cuarto.- Recoñecer a obriga a favor de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.con CIF A63222533, polo importe de 231.100,43 _ correspondente á certificación nº DOUS da obra de "Traslado subestación e adecuación de liñas eléctricas"

Quinto.- Dar traslado desta Resolución, á Intervención Municipal, Tesourería, empresa adxudicataria e Consellería de Economía e Industria e expediente.

Sexto.- Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 20.6.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante é tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a D/Dna:A.R.G.,co nº de expediente: 36008/02/000331, o Servizo de Axuda a Domicilio, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAF, e de acordo cos seguintes detalles:*

- Prestacións:

**Atencións de carácter persoal.*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

**Atencións de carácter psico-social ou educativo.*

- Custo do servizo: 862,40 _.

- Achega económica da persoa usuaria: (10%) 86,24 _.

- Número de horas: 70.

- Data prevista de alta no SAF: xuño do 2013."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

SUBVENCÍONS

5º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2013.

SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2013.

Publicada no DOG nº 104 de data do 3 de xuño de 2013 a Resolución do 24 de maio de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofmanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

O Concello de Cangas co obxecto de facer cumprir un principio fundamental da democracia "igualdade entre mulleres e homes", inicia o desenvolvemento de programas encamiñados para tal fin en setembro do ano 2000 e sendo obxecto a resolución do 24/05/2013, a de convocar axudas e subvencións ás entidades locais de Galicia, destinadas a facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, mediante a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidade e de trato, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural e á erradicación da violencia de xénero, a través de diferentes programas.

Redáctase pola directora do CIM memoria explicativa ao funcionamento do CIM- CANGAS cun orzamento total de 47.630,71 €, polo que se propon á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade ó abeiro da Resolución do 24 de maio de 2013, unha axuda polo importe de 36.480,00 € para desenvolver o programa de APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)

Segundo.- Declarar que para desenvolver o programa de apoio ós centros de información ás mulleres (CIM) non solicitou nin lie foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cangas, 20 de xuño de 2013.

A CONCELEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

6º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE XUVENTUDE S/APROBACIÓN DE PROGRAMACIÓN E ORZAMENTO DO "XVI SALÓN DO CÓMIC E ILUSTRACIÓN".

Vista a proposta de data 20.6.13 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación de programación e orzamento do "XVI SALÓN DO CÓMIC E ILUSTRACIÓN", que é como segue:

"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. José Luis Gestido Porto, concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local, a aprobación da Programación e orzamento do 16º Salón do Cómic e Ilustración.

Programación 16º Salón do Cómic e Ilustración

Temporalización:

Do 22 ó 28 de xullo do 2013.

Lugar:

- Auditorio Municipal de Cangas

Autores:

- DAVID LA FUENTE
- MANEL CRANEO
- MARINA SEOANE
- Santi Gutiérrez (PRESIDENTE DE AGPI- ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN)
- Horacio Altuna (Padriño do Salón do Cómic de Cangas)
- José Domingo (Autor do Cartel da 16ª edición do Salón do Cómic)

Actividades:

- Obradoiros para nenos/as (impartidos por José Antonio Calvo)
- Proxeccións
- Librerías de venda de cómic
- Exposicións
- Sinaturas dos autores
- Mesas redondas

Orzamento:

PROVEEDORES	CONCEPTO	IMPORTE
IMPRESA	CARTELERÍA, DÍPTICOS E PEGATINAS	400,00 _
DESEÑO MAQUETACIÓN E COORDINACIÓN	JOSE A. CALVO TELLEZ	340,00 _
OBRADOIRO DE CÓMIC	DEBUXANTES	460,00 _
PIK ROTULACIÓN	PLOTTERS	240,00 _
VIAXES	DEBUXANTES	600,00 _
ALOXAMENTO	DEBUXANTES	680,00 _
MANUTENCIÓN		700,00 _
		3.420,00 _."

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE MODESTA GONZÁLEZ PARCERO DE TRASLADO DO POSTO Nº 53 Ó POSTO Nº 11 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Dase conta de proposta de data 17.6.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de Modesta González Parceró para traslado do posto nº 53 ó posto nº 11 do Mercado Municipal de Abastos, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE MODESTA GONZÁLEZ PARCERO DE TRASLADO DO POSTO Nº 53 Ó POSTO Nº 11 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

ANTECEDENTES:

1.- Con data 30/04/2013 Modesta González Parceró, titular da concesión demanial do posto nº 53 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos do Concello de Cangas, por un período de 30 anos desde a data da concesión 03/09/2005, solicita que o traslado do seu posto con ocasión da reforma na praza municipal de abastos se realice ó posto nº 11.

2.- Posteriormente a solicitante foi informada de que o posto ó que pretende trasladarse aínda está a ser ocupado por José Luis Pérez Diz, se ben a súa esposa ten informado ó concello da súa incapacidade para seguir desenvolvendo a actividade personalmente e que é a súa intención deixar a concesión. Tamén se lle informa de que, ante a vontade de proceder a renuncia do actual titular, foi solicitado informe ós técnicos municipais sobre o estado das instalacións do posto con motivo do remate da concesión. Informe emitido con data 09 de maio do 2013 polos técnicos municipais, que informaron que a porta da cámara frigorífica da que está dotada a instalación "atópase rota totalmente" sendo necesario proceder a súa reparación con antelación a unha nova adxudicación.

3.- Visto o que antecede Modesta González Parceró, por escrito de data de rexistro de entrada 05/06/2013, traslada ó concello escrito de renuncia asinado polo titular do posto nº 11 da praza de Abastos de Cangas, José Luis Pérez Diz e igualmente se compromete a

reparar a súa costa as avarías do posto en cuestión condicionando a firmeza do traslado que solicita a efectividade da reparación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- En canto á extinción da concesión sobre o posto nº 11 do titular actual con base no disposto no artigo 45 do Regulamento os dereitos de ocupación de postos e espazos extínguense entre outras causas pola renuncia do titular, suposto que se dá no presente caso ó terse achegado escrito de renuncia de José Luis Pérez Diz, que ata a actualidade era titular do posto nº 11, en virtude da concesión outorgada por un período de trinta anos o 03/09/2005. Concorre ademais pola documentación achegada a circunstancia de imposibilidade de exercicio directo ou persoal da concesión, sen que se opte pola contratación de persoal dependente nin pola transmisión do artigo 31. Procede polo tanto extinguir a concesión da que era titular José Luis Pérez Diz, unha vez que polo escrito de Modesta González Parceró esta asume os custos de reparación ós que aquel viría obrigado en virtude da concesión que se extingue polo seu escrito de data 05/06/2013.

II.- En canto ó traslado o artigo 29 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP 16/08/2005), respecto dos traslados de postos dispón que: "O concello, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios."

Sendo decisión discrecional do concello o traslado de postos toda vez que concorre a circunstancia prevista no artigo transcrito e tomando en consideración o alegado pola solicitante que deberá acometer a reparación dos elementos do posto e comunicalo ó concello, co fin de que este traslado sexa efectivo.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar extinguida a concesión demanial da que era titular José Luis Pérez Diz e que fora outorgada o 03/09/2005, sobre o posto nº 11 de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, con base nas circunstancias conorrentes máis arriba expostas.

Segundo.- Estimar a solicitude de traslado formulada por Modesta González Parceró de data 30/04/2013 do posto nº 53 do que é titular ó posto nº 11 que solicita por mor das obras de reforma que se van executar no Mercado Municipal de Abastos. Advertindo que este traslado non supón variación dos termos da concesión da que é titular mais que no traslado de lugar do posto e estando a firmeza do traslado condicionada a reparación dos elementos avariados deste da que deberá dar conta a interesada ao concello no prazo máximo de dous meses desde a notificación do presente acordo.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós interesados xunto cos recursos procedentes, así como, ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ó conserxe da Praza."

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de Modesta González Parceró para traslado do posto nº 53 ó posto nº 11 do Mercado Municipal de Abastos.

8º.- ESCRITO DE ISABEL LAGOA LORENZO S/COMUNICACIÓN DE BAIXA DO POSTO Nº 35 DE VENDA DE PEIXE NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Visto o escrito presentado en data 13.6.13 por ISABEL LAGOA LORENZO, con enderezo en rúa Garely, nº 15-Cangas, na que comunica a renuncia, por motivo de enfermidade, e polo tanto solicita a baixa do posto nº 35 de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia da Sra. Lagoa Lorenzo do posto nº 35 de venda de peixe no Mercado de Abastos Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Tesourería e conserxes do Mercado.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

9º.- PROPOSTAS DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓN DE LICENZAS DE APERTURA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DESMONTABLES EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME, DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.

O Concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, D. Jesús Graña Graña, propon a Xunta De Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:

· Primeiro.- Concesión de licencia de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidumbre, durante a tempada de verán 2013, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.

· Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.

1.- XACOBE GONZÁLEZ ÁLVAREZ, con DNI 35321533-L, con enderezo en Praza Riestra, 7, 2o DH, POIO, para a instalación dun quiosco de 13,50 m2 no lugar de praia de Francón, Aldán.

Cangas, a 14 xuño de 2013.

O CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

10º.- DAR CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE CANGAS, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE UN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

Visto o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas, asinado en data do 3 de xuño do 2013, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de un vehículo motobomba.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas, o 3 de xuño do 2013, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de un vehículo motobomba.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto con copia do convenio á Oficina Técnica e Concellería de Medio Ambiente.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

11º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

11.A) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE.

Visto o escrito presentado en data 18.6.13 por Mª ROSA OTERO OTERO, DNI nº 35.263.281-A, con enderezo en Balea, nº 107-Estrada a Aldán-Darbo, na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente instalado no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

SEGUNDO.- Unha vez realizada a comprobación do apartado primeiro, conceder á Sra. Otero Otero, a baixa do sinal de pasaxe permanente sito no lugar de Balea, nº 107-Estrada a Aldán-Darbo, condicionada á devolución do sinal.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Tesourería e Xestión de Ingresos Municipal.

11.B) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL (PINTADO DE BEIRARRÚA):

Vista a solicitude presentada en data 13.6.13 por JESÚS BERMÚDEZ HERBELLO, DNI nº 76.832.640-J, con enderezo en Baixada ó Peirao, nº 22-Espiñeira-Aldán, para a baixa da sinalización horizontal con pintado de amarelo na entrada de vehículos sita no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar informe da Tesourería Municipal referente ó feito impoñible da ordenanza.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó departamentos de Tesourería e Xestión de Ingresos Municipal.

11.C) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN DE SUPERMERCADO FROIZ.

Vistas as solicitudes presentadas en data do 18.6.13 por "DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.", CIF nº A-36.036.739, con enderezo na Avda. de Marín, nº 26-Cangas, na que demandan sinalización de liña amarela en Reboredo, nº 32, e así mesmo, solicitan sinalización de carga e descarga para a nova situación do supermercado da Avda. de Marín, nº 20 ó nº 26.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos ó respecto pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder a sinalizar a zona que corresponda da Avda. de Marín, nº 26 de carga e descarga, que se estenderá para actividades comerciais, sen ter a exclusividade o supermercado Froiz.

SEGUNDO.- Denegar a solicitude de sinalización horizontal para a zona de Reboredo, nº 32, por estar prohibido estacionar nas beirarrúas e nas curvas.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

11.D) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE PASO DE PEÓNS NO CRUCE DA AVDA. DE BUEU COA ENTRADA A SALGUEIRÓN.

Visto o escrito presentado en data 5.6.13 por M^a JOSÉ CABALEIRO PARCERO, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 99-3^oC-Cangas, no que reclama a sinalización de un paso de peóns no cruce da Avda. de Bueu coa entrada a Salgueirón.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido ó respecto pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder, se a normativa o permite, a sinalizar un paso de peóns no cruce da Avda. de Bueu coa entrada a Salgueirón.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

11.E) SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE POSTO DE VENDA DE LIBROS.

Visto o escrito presentado en data 29.5.13 por MIGUEL ÁNGEL URBANO REDONDO, DNI nº 74.662.197-B, con enderezo en San Ramón, s/n-Nave 3-18.194-Churriana de la Vega-Granada, no que reclama a autorización municipal para a instalación de posto para venda de libros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Denega a solicitude presentada polo Sr. Urbano Redondo para a instalación de un posto de venda de libros, de conformidade co artigo nº ***** da Ordenanza Municipal de Venda Ambulante, aprobada en data

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

12º.- SOLICITUDE DE CARLINA ALFAYA GUIMERÁNS S/ADQUISICIÓN DE 1 NICHU NO CEMITERIO DE ALDÁN.

Vista a solicitude presentada en data 24.9.12 por Carlina Alfaya Guimeráns, DNI nº 78.732.388-F, con enderezo en Vilariño, nº 30-O Hío, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un nicho sitos no bloque A, panteón nº 1-letra C do Cemiterio do Aldán.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Alfaya Guimeráns, para concesión de un nicho no Cemiterio do Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un nicho sito no bloque A, panteón nº 1-letra C do Cemiterio do Aldán.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.

TIPO DE LETRA

*****SACA-LA ACTA OFICIAL*****

RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto nos artigos 112 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e de acordo coas facultades recollidas no artigo 82 do R.d. 2568/1986, por remisión do artigo 113 do mesmo texto legal,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, e no caso da non existencia de quórum a sesión será unha hora despois en segunda convocatoria, que se realizará o día **25 de xuño do ano que andamos, ás 13,30 horas**, na casa do concello.

Segundo.- Fixa-la seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 17 DE XUÑO DO 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 20 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3º.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN Nº 2 E FACTURA DA OBRA DE REORDENACIÓN DA REDE DE MEDIA TENSIÓN DO CONCELLO DE CANGAS, RECUADO LAT 66 KV LOURIZÁN-CANGAS E LAT 66 KV PONTESANPAIO-CANGAS.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

SUBVENCIONS

5º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2013.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XUVENTUDE S/APROBACIÓN DE PROGRAMACIÓN E ORZAMENTO DO "XVI SALÓN DO CÓMIC E ILUSTRACIÓN".

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE MODESTA GONZÁLEZ PARCERO DE TRASLADO DO POSTO Nº 53 Ó POSTO Nº 11 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

8º.- ESCRITO DE ISABEL LAGOA LORENZO S/COMUNICACIÓN DE BAIXA DO POSTO Nº 35 DE VENDA DE PEIXE NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

9º.- PROPOSTAS DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓN DE LICENZAS DE APERTURA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DESMONTABLES EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME, DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.

10º.- DAR CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE CANGAS, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E

DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE UN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

11º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

12º.- SOLICITUDE DE CARLINA ALFAYA GUIMERÁNS S/ADQUISICIÓN DE 1 NICHU NO CEMITERIO DE ALDÁN.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispoño en Cangas, a vinte de xuño do dous mil trece.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Dou fe, a secretaria xeral

Asdo.: JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR

Asdo.: BERTA ALONSO SOTO

NOTIFICACIÓN: no día da data o Sr. alcalde dictou a seguinte:

“RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto nos artigos 112 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e de acordo coas facultades recollidas no artigo 82 do R.d. 2568/1986, por remisión do artigo 113 do mesmo texto legal,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, e no caso da non existencia de quórum a sesión será unha hora despois en segunda convocatoria, que se realizará o día **25 de xuño do ano que andamos, ás 13,30 horas**, na casa do concello.

Segundo.- Fixa-la seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 25 DE XUÑO DO 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 20 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3º.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN Nº 2 E FACTURA DA OBRA DE REORDENACIÓN DA REDE DE MEDIA TENSIÓN DO CONCELLO DE CANGAS, RECUADO LAT 66 KV LOURIZÁN-CANGAS E LAT 66 KV PONTESANPAIO-CANGAS.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

SUBVENCIONS

5º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2013.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XUVENTUDE S/APROBACIÓN DE PROGRAMACIÓN E ORZAMENTO DO "XVI SALÓN DO CÓMIC E ILUSTRACIÓN".

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE MODESTA GONZÁLEZ PARCERO DE TRASLADO DO POSTO Nº 53 Ó POSTO Nº 11 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

8º.- ESCRITO DE ISABEL LAGOA LORENZO S/COMUNICACIÓN DE BAIXA DO POSTO Nº 35 DE VENDA DE PEIXE NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

9º.- PROPOSTAS DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓN DE LICENZAS DE APERTURA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DESMONTABLES EN TERREOS PRIVADOS, EN ZONA DE SERVIDUME, DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.

10°.- DAR CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE CANGAS, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE UN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

11°.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

12°.- SOLICITUDE DE CARLINA ALFAYA GUIMERÁNS S/ADQUISICIÓN DE 1 NICHU NO CEMITERIO DE ALDÁN.

13°.- ROGOS E PREGUNTAS.”

RECURSOS PROCEDENTES.- Contra o presente acto que, pon fin á vía administrativa, poderase interpo_er RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICION, perante o mesmo órgano que o dicta no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o **Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra**, no prazo de DOUS MESES, contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente.

O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpo_er ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, éste entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non dictara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpo_erse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, de conformidade co anterior, se produza o acto presunto.

O que traslado para o seu coñecemento.

Cangas, 20 de xuño do 2013.

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: BERTA ALONSO SOTO.

ÓRGANO MUNICIPAL CONVOCADO:	XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CLASE DE SESIÓN:	...ORDINARIA
DATA DA REUNIÓN:	... DE DO 2013
HORA DE COMEZO:	...,00 HORAS
LUGAR: CASA DO CONCELLO	DATA CONVOCATORIA: ..-.-13

DILIXENCIA DO/A NOTIFICADOR/A: para facer constar que procedín a facer entrega ós/ás Sres./as concelleiros/as e membros do concello que a continuación estampan a súa sinatura, dun exemplar da convocatoria e da orde do día para a sesión indicada.

O/A AXENTE NOTIFICADOR/A,

D. JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR

D^a BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ

D. BERNARDINO FARO LAGOA

D. RAFAEL SOLIÑO COSTAS

D. PÍO MILLÁN BLANCO

D^a DOLORES GALLEGO SANTOS

D. JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO

D^a M^a LUCÍA LEDE FERNÁNDEZ

SUPLENTES:

D. JESÚS MANUEL GRAÑA GRAÑA

D. FRANCISCO JAVIER SOLIÑO SOLIÑO

D^a M^a LUISA PRIETO RIAL

D^a BERTA ALONSO SOTO (**SECRETARIA XERAL**)

D^a M^a JESÚS PIÑEIRO BELLO (**INTERVENTORA**)

TABOLEIRO MUNICIPAL